

2018

MEMORIA DE ACTIVIDADES






Edita:
Fundación Meniños

Deseño, infografías e maquetación:
Fundación Meniños con vectores de Freepik

D.L.: C1126-2019

ÍNDICE

A Fundación Meniños	4
Saúdo do Presidente	5
Construíndo Futuros desde o Bo Trato	6
Que facemos?	7
Intervención Familiar	7
Intervención Terapéutica	9
Inclusión Social	10
Como o facemos?	11
Investigando, formando, compartindo	12
Facilitando, avaliando	13
Resultados Cuantitativos	14
Resultados Cualitativos	16
Prevención e Educación	17
Sensibilización e Incidencia	18
Teléfono da Infancia	20
Prevención e Detección do Abuso sexual na Infancia	21
Quen o fai posible?	22
Transparencia	24
Procedencia da financiación	24
Distribución do investimento por programas	25
Experiencias	26
Que podes facer ti pola Infancia?	27



SAÚDO DO PRESIDENTE

Presentar a memoria anual de MENIÑOS é un dos labores máis importantes do Padroado da Fundación. MENIÑOS é unha organización profesionalizada, cun alto nivel de capacitación dos seus traballadores, sobre os que pivota a execución dos programas que desenvolvemos, e ao Padroado correspóndenos arroupar ese grupo de profesionais, dar apoio ao seu equipo directivo e supervisar o traballo realizado.

Por iso, cando facemos balance da nosa actividade e o ofrecemos á sociedade que, por un lado, nos acubilla e financia, e, por outro, recibe os Servizos que prestamos, levamos á práctica un dos valores esenciais que nos inspiran: traballar cunha política de transparencia informativa e rendición de contas, garantindo que os nosos obxectivos e actividades se implementen de forma responsable, eficiente, sostible e con independencia.

Esta filosofía fundamenta a memoria que segue, e que se complementa cun fito importante concluído tamén no ano 2018, como foi a aprobación do Plan Estratéxico para o período 2019-2021, que está dispoñible para o coñecemento público na nosa web, e que completa o noso compromiso coa transparencia e a independencia: render contas do feito e facer explícito e público o que se quere e como se quere facer.

Agardamos que estes exercicios de información e rendición de contas contribúan a manter e acrecer o apoio de institucións, empresas, voluntarios e particulares a MENIÑOS para dar o soporte necesario aos nosos profesionais no desempeño do seu labor asistencial, terapéutico e preventivo e, en xeral, para a defensa dos dereitos da infancia.

Xosé Manuel Villanueva Prieto
Presidente

CONSTRUÍNDO FUTUROS DESDE O BO TRATO

En Meniños concibimos a **CRIANZA** como un fermoso reto **compartido** no que temos a responsabilidade de proporcionar coidados, afecto, protección e educación a nenos e nenas, construíndo comunidades sanas, xustas e solidarias.



Conscientes de que a infancia é un periodo trascendental da vida no que se asentán as bases para o desenvolvemento pleno do ser humano, sabemos que **dispor dun FOGAR que proporcione seguridade emocional e física é a necesidade máis básica para un desenvolvemento san e positivo.**

Porén, algunhas familias atravesan situacións de dificultade física, emocional, social ou psicolóxica que comprometen sensiblemente a súa capacidade e dispoñibilidade para coidar aos seus fillos e fillas. **Ante estas situacións a comunidade debe proporcionar o SOPORTE E APOIOS necesarios que garantan a protección adecuada da infancia e a recuperación das capacidades parentais.**



Esta é a nosa razón de ser e a motivación que nos impulsa a desenvolver **programas de intervención, recuperación e prevención para o BO TRATO Á INFANCIA.**

QUE FACEMOS?

INTERVENCIÓN FAMILIAR

Desenvolvemos programas integrais de **apoio psicosocial e educativo** que restauran dinámicas de **coidado e bo trato sobre a infancia** actuando ao longo de toda esta etapa da vida, dende a concepción:



Programas de Atención Prenatal e Perinatal

Aquí comeza o noso traballo, promovendo condicións favorables para a crianza desde o momento mesmo do embarazo, cando as circunstancias vitais das nais son desfavorables (soidade, precariedade económica, desemprego, illamento social, etc.), facilitando unha experiencia de maternidade saudable, con apoio psicolóxico, social e educativo para favorecer a creación dun vínculo materno-filial san que evite o sufrimento persoal e o risco de desprotección dos fillos e fillas.

Programas de Apoio á Adopción

Cando non é posible a recuperación da familia ou esta desaparece, o noso traballo enfócase á sensibilización social para a búsqueda de outros contornos familiares dispostos á adopción e a proporcionar apoio e acompañamento durante todo o proceso adoptivo.



Puntos de Encontro Familiar

Nas situacións familiares de elevado nivel de conflictividade creamos un espazo de encontro orientado a preservar o dereito de nenos e nenas a manter as relacións cos seus pais e as súas nais e a normalizar as relacións familiares.



Programas de Integración Familiar



Capacitamos a familias para manter ou recuperar as súas condicións protectoras, a súa funcionalidade para criar aos seus fillos e fillas, evitando a decisión inmediata de separar ao neno ou nena da súa familia, cando hai unha situación de risco ou desprotección, e posibilitando que os nenos e nenas que viven temporalmente en centros de protección ou con familias de acollida poidan volver aos seus fogares.

Programas de Acollemento en Familia Allea



Naquelas situacións en que os nenos e as nenas non poden medrar na súa familia de orixe, pero que seguen mantendo vínculos familiares positivos para o seu desenvolvemento, buscamos e preparamos fogares de acollida, garantindo un ambiente familiar de seguridade e afecto.

Atención Familiar Preventiva en Contornos de Risco

Apoiamos a adquisición de habilidades persoais e de crianza que permitan rachar dinámicas de funcionamento deteriorado en contornos familiares vulnerables por situacións diversas de crises persoais, precariedade, carencia de hábitos de coidado axeitados, falta de motivación ou conciencia dos problemas, situación de absentismo escolar e condutas de risco en adolescentes.



INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA

Intervención en Abuso e Violencia Sexual



O abuso e a violencia sexual teñen consecuencias devastadoras no desenvolvemento psicosocial e na saúde mental das persoas agredidas. A intervención terapéutica proporciona a oportunidade para a reparación da integridade da identidade e a recuperación do benestar bio-psico-social.

Intervención en Violencia de Xénero na Infancia

Intervimos sobre o efecto das experiencias traumáticas reparando e atenuando danos, reforzando a relación materno-filial, restaurando as capacidades de coidado e loitando contra a perpetuación de modelos de relación asentados na desigualdade de xénero.



Centro de Asesoramento e Psicoterapia



No Centro de Asesoramento e Psicoterapia sabemos que todas as persoas, incluso as máis danadas e afectadas polas condicións máis adversas, teñen un potencial de cambio e recuperación e concibimos a axuda psicolóxica e a psicoterapia como unha intervención orientada a actuar sobre ese potencial de recuperación, activando procesos de cambio e construíndo recursos para superar a dificultade ou afrontala con eficacia, recuperando a calidade de vida.

INCLUSIÓN SOCIAL



Proxecto "Brújula"

Impulsamos a inclusión social e laboral de pais e nais, incentivándoos cara a participación social, a formación e o emprego.

Proxecto CaixaProinfancia

Un programa de accións socieducativas que promove a creación de oportunidades de futuro para nenos, nenas e familias en risco ou situación de exclusión social, aproveitando sinerxías e tecendo rede entre todas as entidades sociais participantes, maximizando as posibilidades para as persoas:

FSG, FANPA Pontevedra, S.D. Teucro e Centro Polivalente de Psicología Clínica Inma Casabiell.



INTERVINDO cun enfoque positivo ofrecendo novas oportunidades, porque todas as persoas teñen algún talento e habilidade.



ESTABLECENDO unha relación de axuda xenuína, desculpabilizadora pero responsable, respetuosa e colaborativa que axude ás persoas a volver a creer nas súas competencias e posibilidades.




ESTIMULANDO a resiliencia, a fortaleza e a cohesión familiar, dando sentido á forza do equipo familiar como protector ante as adversidades e compensador de debilidades.



ATENDENDO á dimensión mental, emocional e condutual de cada persoa para axudarlles a entender a súa situación e a superar os obstáculos.

Como o facemos?




CONECTANDO a pais e nais cos seus propios procesos de crianza para comprender, aceptar e conectar cos seus fillos e fillas.



POTENCIANDO a capacidade de sintonización emocional, a dispoñibilidade e a sensibilidade parental cara as necesidades dos fillos e fillas.



VINCULANDO as familias e ás persoas coas súas comunidades xerando unha rede formal e informal de apoio entre persoas e entre sistemas.




REPARANDO o dano sufrido, e restaurando unha vinculación san e protectora.

INVESTIGANDO



FORMANDO

Madrid, Barcelona, Murcia, Mérida, Pamplona, Santiago de Compostela, Coruña, Ourense e Viveiro



FACILITANDO

Prácticas



Voluntariado




COMPARTINDO



AVALIANDO

Satisfacción persoas participantes nos programas



Memoria de Actividades 2018

RESULTADOS CUANTITATIVOS



RESULTADOS CUALITATIVOS

Nenos e nenas **PROTEXIDOS**,
construindo o seu presente e
garantes do futuro

Famílias sanas, protectoras,
produtivas e **PARTÍCIPES** da
sociedade na que vivem

**Sociedades fortes, cohesionadas,
SOLIDARIAS, motores de cambio e
crescimento sostible.**

PREVENCIÓN E EDUCACIÓN

Anticipámonos ás situacións de dificultade deseñando e desenvolvendo proxectos educativos e preventivos en colexios e entidades de tempo libre, poñendo en valor a **EDUCACIÓN EMOCIONAL**, a **promoción do bo trato** e o **exercicio duna parentalidade responsable**.


Só actuando educativamente e preventivamente desde as primeiras idades da vida é posible evitar fenómenos como o bullying, o acoso, o abuso, a violencia e outros comportamentos que degradan e destrúen a convivencia.

#MedrandoComoFamilia

#ViaxeAoReinoDasEmocións



#EducaciónEmocional



SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA

Estamos comprometidos na construción dunha sociedade involucrada cos dereitos e necesidades da infancia e das súas familias, e buscamos novos **ALIADOS** e novos modelos de **SOLIDARIEDADE** baseados no **COÑECEMENTO**, na **COMPENSIÓN** e no **COMPROMISO**.

#DíaDosDereitosDaInfancia



#MoveFicha



#TrezeLuzes



#NingúnÁMarxe



#SomosANosInfancia



#EspartrailSolidario



#XSolidaria



#AcogimientoFamiliarAsturias



#AdopciónEspecial



Programa de Adopcións Especiais | XUNTA DE GALICIA | meniños

#BoTratoÁInfancia



GRUPO5 | Fundación Aprender | unicef | Cruz Roja Española | meniños

TELÉFONO DE AXUDA À INFANCIA

**se necesitas axuda
ESCOITÁMOSTE**

**24h.
ao día**

**Totalmente
gratis**

**LIÑA
DE AXUDA
AO MENOR
116111**

Se tes menos de 18 anos e necesitas axuda, alguén te trata mal ou queres falar dos teus problemas, chama ao teléfono 116 111.

Chámanos tamén se sospeitas que algunha nena ou neno pode estar a ser maltratado ou non está ben atendido.

 XUNTA DE GALICIA

PREVENCIÓN E DETECCIÓN DO ABUSO SEXUAL À INFANCIA

Segundo o **Consello de Europa**, 1 de cada 5 (en Galicia **37.000**) nenos, nenas e adolescentes poderían sufrir esta lacra.

O protocolo INO para previr e detectar abusos sexuais baséase en catro eixos: **previr, observar, manter a calma e actuar**, notificando e avaliando cada caso cun profesional especializado.



QUEN O FAI POSIBLE?

Como ONG o noso traballo é posible grazas a **PERSOAS, ORGANIZACIÓNS, EMPRESAS e ENTIDADES** comprometidas coa **INFANCIA**.

Financiadores Públicos



Proxecto Brújula
Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014-2020)

Operación cofinanciada pola Unión Europea
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020

Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social
O FSE invirte no teu futuro

Financiadores Privados



Universidades



Outras Entidades Colaboradoras




Persoas Sociais

Durante o ano 2018 contamos co apoio de **282 PERSOAS SOCIAS** que manteñen un **compromiso estable** co noso labor de protección á infancia, e ás que estamos **especialmente agradecidos** polo seu **apoio e implicación**.

TRANSPARENCIA


A Fundación Meniños cumpre coa **Lei 19/2013, de transparencia**, acceso á información pública e bo goberno con respecto á transparencia en materia de contas públicas e financiadores, e a **Lei 10/2010, de prevención do branqueo de capitais** e da financiación do terrorismo. Esta Fundación está rexistrada no **Protectorado Único de Fundaciones de Competencia Estatal** co nº **239SND** e é auditada anualmente desde a súa creación, recibindo resultado favorable en todos os exercicios económicos.

Procedencia do financiamento



Distribución do Investimento por Programas

No ano **2018** empregamos un orzamento de **1.519.118,60 €**, distribuídos da seguinte maneira:



EXPERIENCIAS

IRIA E XAIME, IRMÃS À ESPERA DE ADOÇÃO

- Gustaríame que a nova familia nos dese moitos **aloumiños**.
- E que sexan listos e **nos axuden** a estudar.

LAURA

E agora imaxina ti, unha nena tímida, que nunca tivera amigos, chega a un lugar onde **está a gusto, ten amigos**, ten todo o que nunca puido ter, que está feliz.

DAVID

Participar no proxecto "Brújula" facilitoume o **achegamento ao mercado laboral** e a inserción nel.

VIKY

Sobre todo, o que máis me axudou da intervención foi **saír adiante cos estudos**, porque eu deixáraos atrás. Tamén que a miña irmá conseguira facer algo da súa vida, e que meu pai saíra adiante. En xeral todo, é difícil de explicar, pero para min pasei de non ter nada a telo todo.



FÁTIMA, ACOLEDOORA DE ESTELA

O acollemento familiar non é a ponte para unha adopción, existe a familia de orixe e a nena **ten unha historia que debemos respectar**.


QUE PODES FACER TI POLA INFANCIA?

Grazas ao teu **APOIO** podemos traballar para que **os nenos e nenas en dificultade social cumpran o seu dereito a vivir nunha familia** que lles garanta benestar e un axeitado desenvolvemento.



Hai moitas maneiras de colaborar, entra na nosa web www.meninos.org e atopa a túa.





SEDE CENTRAL

Av. de Cádiz 5, 2º esq. Edif. A Milagrosa
15008 A Coruña



meninos@meninos.org



www.meninos.org

www.mundodemilu.org

www.acogimientoyadopcionasturias.org

www.centroasesoramientoyterapia.wordpress.com



981 26 99 55

SÉGUENOS:



[facebook.com
fundacionmeninos](https://www.facebook.com/fundacionmeninos)



[@fmeninos](https://twitter.com/fmeninos)



[Fmeninos](https://www.youtube.com/Fmeninos)



[Fmeninos](https://www.instagram.com/Fmeninos)



meninos